

De Chandebrito a Nowheresville: léxico e fraseoloxía comparada da distancia remota

Víctor Fresco-Barbeito
Universidade de Vigo
sobreira4@gmail.com

Resumo

Se queremos expresar algo que está afastado, nas linguas europeas botamos man facilmente de demostrativos, preposicións ou casos que nos permiten situar algo por detrás, alén ou lonxe. Que pasa cando a distancia é moi grande? Pois que cómpre recorrer ó léxico diferenciado ou á fraseoloxía.

Os procesos de formación deste léxico específico e da fraseoloxía en galego teñen varios camiños que se poden agrupar en: (1) uso de expresións malsoantes, (2) utilización de conceptos relixiosos (moitas veces en conxunto co anterior), (3) referencia a localizacións estranxeiras (normalmente colonais) e (4) remisión local a lugares da toponimia galega que son ubicables (e algún caso inventado como creación expresiva).

Á parte das asociacións semánticas que se adoitan asociar a lugares moi distanciados (imprecisión, incomunicación, ignorancia ou atraso dos habitantes, distancias xeofísicas ou astronómicas, lugares tranquilos ou ó abrigo, solitarios ou deshabitados, ou en posicións periféricas, profundas ou imaxinarias), veremos un pouco que fan outras linguas das familias indoeuropeas: procedementos principais e menos usuais, variación nas referencias xeográficas e imaxinarias e usos comúns ás diferentes linguas ou procedementos comúns. Sen pretender ser sistemáticos, ofrecemos os nosos datos a reflexión, contribución e debate.

Palabras clave: fraseoloxía, locucións, distancia, deixe espacial, lingüística contrastiva

1. Lonxe

Moito antes de que aparecese a deslocalización, xa a lingua tiña xeitos efectivos de denominar os obxectos e accións que se situaban ou dirixían moi lonxe do falante. Aínda así, veremos que a descrición non se fai de calquera xeito e a referencia non é arbitraria.

O terreo máis gramatical da lingua xa está inzado de localizadores para lugares remotos: os adverbios **acolá**, **alí**, **alá**, **aló** e especialmente o etimoloxicamente relacionado **alén** (que tamén pode funcionar como preposición, só ou acompañado con **de**) e **xalundes** e o demostrativos como **aquel** xa funcionan como deícticos de distanciamento sobre todo en comparación con **aquí**, **aí**, **este** ou **ese**. En toda Europa, este fenómeno de triple marcación específica da distancia só se dá (segundo WALS) nas linguas iberorromances (occidentais), no valenciano (*aquest*, (*aqu*)*eix*, *aquell*), no euskera (*hau*, *hori*, *hura*), no irlandés (*seo*, *sin*, *siúd*) e no grego (*αὐτός* / *τούτος* / *ἐκείνος*). Tamén en temas de adxectivos temos variedade: **distante**, **afastado**, **alongado**, **apartado**, **arredado** ou **remoto**. Mesmo como prefixos temos máis de un (**ab-**, **dis-**, **tele-** e **apo-**, e **bati-** se é profundo) e para raíces léxicas están **long-**, **lonx-** e **dist-** (de **dis-** + **stare**).

2. Máis lonxe

Pero que pasa se queremos dar conta dalgún lugar indeterminadamente remoto, distante, afastado? A nivel léxico podemos utilizar substantivos como **canicouva** ou **remonte**, adxectivos como **acantoadado**, **deceado**, **remontado** ou **semoto** e locucións preposicionais como **lonxe de** e adverbiais como **a desmán** ou **a trasmán**, especificamente cando non nos quedan de camiño (cf. **a contramán**, **a contraxeito**) ou as xerais **a distancia**, **ó lonxe** e **de lonxe**. Hai expresións máis complexas que saian dos límites da lexicografía monoverbal? Imos velos a continuación.

2.1. *Mecanismos xenéricos ou neutros*

A nivel fraseolóxico a situación é máis complexa e aparenta haber varios niveis ou clasificacións. Un conxunto previo e a medio camiño coa lexicografía é o que fai uso dun substantivo pouco frecuente ou mesmo exclusivo da paremioloxía: **ás millentas e quiñentas, nas carrouchas** (probablemente por *carroucho*, 'camiño intransitable'), **nas canfurnias** ou **estar nos padeás**. Despois está unha primeira agrupación básica de expresións máis que apuntan ás características de lugares arredados ou extremos nas súas propiedades: **o cabo do mundo, a/o fin do mundo, o quinto pino, a dez varas, a volta de fóra, onde o aire dá a volta** ou **onde perderon as ferraduras os cabalos dos mouros**. Cumpriría comprobar se este **pino** é un castelanismo ou responde á peza do carro ou ó adxectivo co valor de 'costento'.

2.2. *Vulgaridades*

Nun segundo nivel entran expresións vulgares e malsoantes: **a casa da collona** (supomos que de *collón* e segundo Roland (2012) orixinado nun local da Ferrería; documentado en Matamá (Vigo) por Hermida (2009) e en Muros e Santiago en 2017), **a casa da cona, a quinta hostia** (Ribeira), **a punta do nabo** (Ferrol), **o carallo, o quinto carallo/nabo, o cu do mundo**. Un subgrupo serían as locucións con *ir/mandar* tamén empregadas para expresar rabia, que algo vai mal: **ó carallo** ou **a tomar polo cu/por saco/polo saco** (con preposición imprescindible)

2.3. *Crenzas*

Un terceiro grupo comprende referencias relixiosas. Algunhas estruturas sintácticas son tan similares ás anteriores que ata se dirían blasfemas por paralelismo: **a casa da Virxe, a casa de Cristo, a casa (de) Deus, a casa do demo, o inferno, o(s) quinto(s) inferno(s), onde Cristo perdeu o sombreiro/peúgos e onde Cristo/Deus (ou o demo) deu/pegou as tres voces**. Como locución verbal atopamos **ir/seguir ata/a o (mesmo) inferno** ou **a fin do mundo**. Nótese que as referencias son tanto conceptos do 'ben' (**Deus**) como do 'mal' (**demo**).

A razón deste grupo podería ser a suposta omnipresenza de Deus ou á distancia a Terra Santa. Cómpre resaltar a presenza do 'cinco' tanto nestas expresións (**o quinto inferno**) como nas anteriores (**ás millentas e quiñentas, a quinta hostia, o quinto carallo/nabo/pino**).

2.4. *Toponimia estranxeira*

Un último conxunto pode dividirse en dous, en función da súa localización no uso. É o que fai referencia a topónimos concretos e reais. Por unha banda están os lugares exteriores a Galicia (e á Península) que permiten unha utilización pola maioría dos falantes: **na Cochinchina** (ás veces **na Conchinchina**; referida a un antigo territorio do imperio francés do sueste asiático, ao sur do actual Vietnam), **en Fernando Poo** (antigo nome colonial da actual illa ecuatoguineana de Bioko, nomeada polo explorador portugués Fernão do Pó; dito en Bueu), **en Pernambuco** (estado do noroeste brasileiro con capital en Recife) ou **nas Quimbambas** (aínda que probablemente se corresponda cunha de dúas localizacións africanas de nome semellante, *Cambamba* en Huambo, Angola e *Kimbambala* no Congo, e non con *Quimbambas* de Las Tunas, Cuba, os falantes xa non o saben e esta expresión ben podería encadrarse no primeiro grupo). Falaremos despois de máis variantes deste último. Pode verse a evidente relación colonial que existe entre estas ubicacións e as supostas metrópoles europeas.

2.5. *Toponimia local*

No outro lado están as locucións relativas a topónimos galegos concretos, e que habitualmente se mencionan só en determinadas comarcas. Para presentalo, especificaremos tamén outros dous datos interesantes: onde se localiza o topónimo real e de onde procede o falante.

EXPRESIÓN	SITUADO EN	USADO EN
en Andrés	monte e parroquia de Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa
en Angrois	Sar, Santiago	Santiago
en Cacheiras de Abaixo	Teo	Santiago
en Castrocú	(ficticio)	Remesar, A Estrada
en Caxín	varios sitios en Carballo, O Corgo, Meis e Taboada	Meis, o que leva a pensar que se refire ó de Meis
en Chandebrito	Nigrán	Vigo
en Coirós (de Arriba)	concello preto de Betanzos	Cariño, Ferrol e Lavacolla
en Cuntis	concello preto da Estrada	Vigo, Pontevedra ou Marín
en Cuspedriños (de Arriba)	Cotobade	moi xeralizado, mesmo na literatura (<i>Fortunato de Trasmundi</i>)
no Gurbión	probablemente por un regato na cabeceira do río Leira	Vilamartín (de Valdeorras)
en Loiba	parroquia de Ortigueira (e regato en Viveiro)	Cariño
en Montecuruto	Ferrol	Ferrol e Pontedeume
en Petelos	Mos	Vigo
en Prevediños	Prevediños, Touro	Santiago

Non fai falla analizar moito para comprobar que as áreas de influencia son normalmente moi locais: ou dentro do mesmo concello ou en concellos limítrofes. As excepcións son Coirós (na provincia da Coruña), Cuntis (na de Pontevedra) e Cuspedriños (o máis común). Ferro (2013b:144) estende a referencia de Angrois tamén a Arousa, Melide e Ferrol, pero cunha acepción distinta (unha das asociadas que veremos abaixo), a de incultura, e non para 'lugares distantes', e menciona (2013b:158) a produtividade das rivalidades locais para ese significado. Tamén nese artigo (2013b:170) se poden ver suxestións sobre as razóns que orientan a escolla destes e non doutros nomes de lugar, sempre para ese valor, pero onde se menciona precisamente *lonxanía* como unha causa para a elección do topónimo usado na expresión. Cómpre tamén mencionar a presenza ou (normalmente) aposición dos modificadores "de Abaixo" ou "de Arriba", tanto se está no topónimo orixinal como se non, que entendemos lle proporcionan un matiz específico, non necesariamente máis distante pero si máis inaccesible.

3. Uso

Como vemos, estes criterios de clasificación (formal ou semántica) non son incompatibles entre si, nin tampouco teñen que quedar pechados: o grupo relixioso moitas veces é malsoante por paralelismo, o topónimo ficticio Castrocú tamén por composición, o substantivo *casa* e o número *cinco* aparecen repetidamente en categorías non toponímicas, etc.

As características onde se activan os usos semántico e pragmático, aínda que máis estables, non son fixas. Por unha banda, coñecemos unha chea de expresións para expresar a lonxanía

que só se utilizan en situacións comunicativas determinadas, nalgúns casos científico-técnicas (**planeta exterior, a anos-luz**, tamén con acepción figurada), noutros máis coloquiais (**alta mar, mar a fóra, mar de fóra, mar de dentro, mar aberto**); ou locucións que teñen o sema de afastamento como secundario (**camiño de cabras**), circunstancial (**abater a áncora, de altura, andar embarcado**) ou deducido (**(de/por) debaixo das pedras**).

Por outra, respecto ó uso da devandita **en Angrois**, Ferro predí, propón asentar (2013a) e confirma que detecta (2013b:176) unha mudanza no seu valor, cambio de uso fraseolóxico en directo debido ás súpetas e desgraciadas circunstancias do accidente ferroviario dese ano.

Co uso, todas estas expresións poden ademais derivar noutras (moitas veces humorísticas, pois quen as escoita recupera o orixinal e fai o paralelismo). Así, o restaurante *O Sexto Pino*, un restaurante en Ferrol pegado ó pavillón da Malata, precisamente preto do devandito Montecuruto. Máis directamente, *A Casa da Collona* é un mesón na turística rúa do Franco.

3.1. *Conceptos asociados*

Resultan curiosas e dignas de mencionar as asociacións conceptuais que se establecen con estas expresións. Por exemplo, cando se di que algo está a grande distancia, pódese dar a entender ou mesturar tamén outras características, por exemplo:

- características relativas ó punto de referencia:
 - se sitúan na máxima distancia para a referencia, ó estilo do latín **ne plus ultra**: 'no extremo, no límite, no último' e mesmo 'no derradeiro recanto' (cónstannos en realidade poucas locucións con este tipo de referencias, por exemplo aos antípodas ou ao fondo do mar, aínda que si as temos a distancias galácticas);
 - dado que un bo grupo de casos remite a lugares que están no mesmo concello, e polo tanto non excesivamente distantes, a interpretación que cómpre deducir é que o lugar está preto do *aquí* e é coñecido, pero está 'inaccesible ou incomunicado' (polo que semella que se dá por sentado que se vai en determinados medios de transporte, porque outros non teñen tantos problemas de accesibilidade);
 - noutros casos, a idea adxacente é que está preto e comunicado pero ten a característica de que está 'perdido, descoñecido ou indeterminado';
- características físicas do lugar referido:
 - nun salto cualitativo, pode ser que sexa o destino o que estea caracterizado, por exemplo pola súa separación respecto ó seu contexto máis próximo (non da referencia base), o seu 'illamento e carácter retirado';
 - por veces a separación da ubicación se debe a que distancia medida é en vertical, especialmente 'nas alturas';
 - como extremo ou combinación dos anteriores aparece tamén asociado ó concepto de 'oculto', protexido da vista, concepto que implica certa intencionalidade;
 - non poucas veces refírese tamén que o lugar está protexido das inclemencias ambientais, 'ao abrigo' do clima ou doutros fenómenos (e polo tanto presuponse que o contexto é adverso);
 - tamén pode estar protexido ou illado especialmente do ruído, do movemento ou da civilización, 'calmado, tranquilo ou recoleto';

- características dos habitantes:
 - en xeral, a posición da poboación é o seu carácter 'secundario, subordinado e subsidiario' respecto ó *aquí*, ou cando menos marcando distancia social por alteridade;
 - en moitas ocasións se asocia á característica denigratoria de que o ambiente cultural é pobre, de que os habitantes son 'incultos ou ignorantes' (tanto é así que moitos dos nosos topónimos locais aparecen tamén na lista de Ferro (2013b) para esta acepción, en concreto: Angrois, Cacheiras, Coirós, Cuspedriños, Montecuruto e Petelos e en realidade tamén canicouva);
 - ás veces se lle dá relevancia a que teñen un ambiente cultural simplemente diferente, un carácter 'exótico';
 - unha asociación final alude a que son lugares a onde alguén se trasladou forzosa ('deportación, desterro') ou voluntariamente ('retiro, eremita');

Para comprobar se en realidade se fan estas asociacións paralelas, pénsese na evolución á hora de aplicar conceptos como inaccesibilidade, indeterminación, tranquilidade, incultura, exotismo ou traslado forzoso ós topónimos coloniais.

Nalgúns casos aprovéitase o concepto de lugar distante para expresar rabia, desesperación, que as cousas van mal ou a desexarlle mal a alguén, especialmente con vulgaridades: **ir(se)/mandar ó carallo/ó inferno/a tomar por saco /a tomar polo saco/a tomar polo cu**.

4. Noutras linguas

Non sempre é doada a investigación onomasiolóxica, menos aínda en linguas distantes ou pouco documentadas, polo que temos unha notable asimetría nos resultados para as distintas linguas nas que o intentamos (e coñecemos). Con todo, aínda que a visión non sexa sistemática, permitíranos ver se os mecanismos, as referencias, as metáforas e as súas frecuencias teñen certo paralelismo ou non.

4.1. Portugués

Afortunadamente o Dicionários Houaiss fornece unha boa listaxe de partida con sinónimos baixo a entrada *cafundó*. Con todo, non son tódolos que están nin están tódolos que son. Na lista, e de acordo coas definicións do propio dicionario, mestúranse as referencias ós conceptos asociados que mencionamos antes, especialmente a lugares de difícil acceso ou deshabitado. Aínda así, podemos tomar como partida o inventario dado: **cafundó, cafundoca, cafundório, cafarnaú, cafarnaum, cafundó-de-judas, cafundó-do-judas, caixa-pregos, calcanhar-de-judas, cu-da-perua, cu-de-judas, cu-do-conde, cu-do-mundo, deus-me-livre, fundo, tifa**, ó que, como locucións, engádenlle: **cornimboque de judas, cornimboque do judas, cornimboque do diabo, fim de mundo, fim do mundo, meio de mundo, meio do mundo, onde o diabo perdeu as botas, onde o vento faz a curva**. Hai outras expresións non incluídas directamente na lista desta entrada, como **calcanhar do mundo, fora de mão** e **(andar/correr/ir para/mandar para) os quintos** (combinado ou non con **(dos) infernos**, do cal é sinónimo) e tamén atopamos **cascos de rolha** e as especificamente brasileiras **onde Judas bateu as botas** ('onde morreu') ou **perdeu as botas** (retomando o uso de *perder*).

A distribución xeográfica dos datos é ampla, pois varía do carioca (**deus-me-livre**) ou o nordestino (**cafarnaú**) a Santa Catarina (**tifa**) e Portugal (**calcanhar do mundo**). Un repaso do anterior fainos comprender catro situacións análogas ó galego:

- que os tres primeiros procedementos de creación expresiva existentes en galego tamén están presentes no portugués:
 - xenéricos: **onde o vento faz a curva, calcanhar**;
 - vulgaridades: **cu**;
 - relixiosos: **diabo, cafarnaú(m)** (nótese que nalgúns estados é sinónimo do anterior), **judas, deus**;
 - a inexistencia da mestura irreverente destes dous últimos cremos que se debe á autocensura do propio *Dicionário*;
- a omisión de referencias toponímicas no corpus da lexicografía xeral, tanto nativas como estranxeiras (que nos consta que existen, como **Cochin China** e **Cochinchina**; é de esperar que no Brasil non se utilice concretamente **Pernambuco**);
- a presenza do numeral **quinto**: o Houaiss explica a súa etimoloxía como procedente de *ir na nau dos quintos*, partir nas embarcacións que volvían a Europa tras recadar un imposto do 20% dos metais preciosos en América (compre mencionar que non especifica que as expresións que inclúen **quinto** sexan máis lusitanas que brasileiras);
- expresións usadas tamén para situacións disfuncionais (**ir/mandar para caixa-pregos**), aínda que non con formantes vulgares;

4.2. Castelán

Temos tamén sorte no que respecta á documentación do castelán e do español. Non só pola proximidade, senón polo volume e calidade do que existe. Con todo, non pretendemos analizar esta lingua máis que para poder ofrecer unha perspectiva contrastiva co galego.

Sen embargo, os resultados ós que chegamos déixannos un sabor agredoce: a similitude do galego co castelán é moitísimo maior ca co portugués, o cal dá a entender tanto o longo tempo que levamos de independencia cultural respecto á lusofonía como a enorme converxencia social que produce a coincidencia política cos castelánfalantes. Sen entrar en Sudamérica, a inmensa maioría do que pasa no castelán ten un correspondente en galego e viceversa. Aínda que é difícil ou laborioso saber se a dirección de influencia é nun sentido ou noutro, moito apunta a que ou ben se debe á converxencia ou ben maioría se trata de castelanismos no galego. Polo tanto, imos centrarnos máis no diferencial co galego como corpus de exclusión.

Julio Casares na súa época non podía buscar nas definicións, pero as ferramentas actuais permiten localizar léxico moi doadamente. Damos así facilmente con americanismos como **palenque** (Cuba); **jurutungo (viejo), carajo viejo, venta(na)s del carajo, ceboruco, seboruco, sibuco, cibanco, sibanco, sínsula(s) e sínsoras** (Porto Rico); **sereguete** (Salvador, tamén 'ano'); **majiadero** (Honduras); **remotidad** (Costa Rica) ou **lejura** (Colombia/Ecuador); ata arcaísmos como o adxectivo e adverbio **lueñe** (cognado de *lonxe*) e transdiatópicos (ou non marcados) como **andurrial(es)**. Entendemos que as formas substantivas usan artigo.

Dentro das locucións volven aflorar moitos dos elementos léxicos que xa vimos no galego: **pino, fin, culo, infierno, cristo, voces** e mesmo **las Quimbambas** e **la Cochinchina**. Temos polo tanto **al cabo del mundo, el quinto pino, quinto(s) infierno(s), a tomar por (el) culo, el culo del mundo**, etc. En cambio, aparecen elementos novidosos, como **cuerno (a/en el (quinto) cuerno), carajo/pepino/pimiento (quinto carajo/pepino/pimiento), porra/puñeta (quinta porra/puñeta)** e **apurado (en los quintos apurados**, de Arxentina, Colombia e Venezuela). **Las Quimbambas** poden converterse en **las lejanas Quimbambas** (España; co cal o artigo xa non sería do topónimo); **Las Chimbambas** (Segovia, Arxentina); **La**

Chimbamba (Cuba); e **La Quimbámbara** ou **La Quimbábula** (Porto Rico; nótese que algúns rematan en *-a* como os supostos étimos, mentres que o mencionado topónimo cubano *Quimbambas* termina en *-s* e non ten artigo). Reaparece en Latinoamérica en **aquí, en la China y en la Cochinchina**, 'en todas partes'.

Incrementábase ademais o repertorio de actantes do fraseoloxismo nucleado co verbo *perder*, tanto no seu suxeito (**Jesucristo, el diablo** ou **Cristo**) como no seu complemento directo (**clavos, poncho, sandalia(s), zapatilla(s), gorro**): aínda que só documentamos algunhas combinacións (do primeiro suxeito co primeiro CD, **donde Jesucristo perdió los clavos**, do segundo cos dous primeiros, **donde el diablo perdió el poncho/los clavos**, e do terceiro cos restantes), non desbotamos que existan máis combinacións. Do estilo é **donde Cristo pegó los tres gritos** (Porto Rico), e cun novo suxeito **donde San Pedro perdió el mechero**. Tal é a diferenza que atopamos dúas novas estruturas co mesmo verbo *perder* en participio (**perdido de la mano de Dios**) e pronominal (**perderse por los cerros de Úbeda**). Cómpre notar que o termo usado en castelán é **diablo** ('diaño, diabo', usado tamén en expresións de desespero: **al diablo**), e non o correspondente ó 'demo' que aparece en galego (**demonio**), aínda que é unha colocación que tampouco descartamos.

Pensamos que outra das innovacións é tamén o aumento da profanidade dos vulgarismos (**en el quinto coño**). Rexístranse do mesmo xeito no DRAE outras diferenzas, como o italianismo como **en lontananza** ou como o tecnicismo **de polo a polo** (22ª edición, 2001).

Entre outras locucións tamén distantes en léxico respecto ó galego, pero aínda acordes coa clasificación vista, atopamos **casa de la chingada** (sen artigo; usado en México), **en la casa de la verga** (Ecuador; con **irse**, tamén co valor de 'arruinarse'); **en la concha de la lora** ('paxaro femia; charlatana', Arxentina), **plumas verdes** (Arxentina; eufemismo do anterior); **en la loma de la mierda/del orto/ del carajo/de los tomates** (Arxentina) e a comparativa **más lejos que Aloyón** (Toledo). Por suposto, *Aloyón* é unha entidade de poboación: unha aldea/alquería/venta do concello de Corral de Almaguer, no oriente da Mancha Alta toledana.

4.3. Italiano

Para o italiano cóstanos **a casa del diavolo** (tamén atopado con **in**), **fuori mano** (cf. **a trasmán**), **luogo profundo/lontanissimo/ lontano** e **il (piú lontano e profundo) inferno**. Nótese a aparición de *casa* e de *diaño* como en castelán (tamén usados para **mandare**). Saen asemade referencias a unha separación en vertical, pero neste caso en dirección descendente (do que se deduce o seu carácter tamén 'illado' ou 'oculto'), que se usan mesmo cos puntos cardinais (**il profundo sud**). Tamén nos consta o vulgar **in culo ai lupi** ('no cu do lobo') e o uso dos nomes reais **Timbuctù, Papuasias** e da vila de **Canicattì**, en Sicilia, onde tamén usan **dove il Signore ha perso le scarpe** (zapatos) e **dove Cristo ha perso la camicia** (camisa).

4.4. Inglés

As locucións inglesas teñen os nosos tipos xenéricos (**back/middle of nowhere, miles away, at the back of beyond, right off the map**), vulgares (**arse end of nowhere, Bum(ble)fuck**) e relixiosos (**East Jesus**), pero tamén uns grupos propios: de uso moi dialectal en singular (**the bush**, Alaska; **out in the tule**, California, que lembra ó **ultima Thule** latino; **bundu**, Suráfrica; **(the) black stump, (the) outback, (the) never never**, Australia) ou plurais, que denotan simultaneamente 'rural' (**boondocks** e o seu diminutivo **boonies**, EEUU; **sticks**, GB).

A descomunal distribución xeográfica do inglés debería provocar que as referencias toponímicas reais sexan minoritarias, e así parece ser. Os únicos que atopamos son **Timbiktu** (na antiga África Occidental Francesa entre 1892 e 1960), **Back o'Bourke** (por Bourke, Australia) e **Eketahuna** (Nova Zelanda). Pola contra, parece que para compensar aflora unha

maior creación expresiva (a nivel fónico, morfolóxico, léxico ou semántico) de topónimos ficticios. O noso **Castrocú** atopa moitos paralelos en supostos hiperónimos de lugar deslocalizados, como **Waikikamukau** (con xogo de palabras humorístico incluído: *Why kick a moo-cow?*) e **Wops-wops** (Nova Zelandia); **Woop(s)-woop(s)** (tamén en Australia); **East Jesus** (o único con presenza relixiosa, ademais irreverente), **Bum(ble)fuck** e **Podunk** (EEUU); e os translectais **Hicksville** e **Nowheresville** ('vila en ningún lugar', quizais da expresión **the middle of nowhere**). Para países inventados do Oriente Medio ou Asia ou territorios denigrados recórrase á creación dun *nomina loci* coa terminación **-stan** de orixe persa (semellante á **-land(i)a** de orixe xermánica), mentres que para os do terceiro mundo, os británicos omiten a denominación concreta mediante o despectivo **Bongo Bongo Land**.

5. Conclusións

Parece que os procedementos de creación léxica e fraseolóxica que atopamos son bastante semellantes nas linguas tratadas, especialmente nas románicas (sendo relevante que o italiano tamén bote man de bocaladas, ideas relixiosas e topónimos reais locais), se ben a frecuencia e preferencia xa é un pouco máis cuestión de cada caso particular. Detectamos que en moitas linguas europeas aparecen topónimos estranxeiros xenuínos como epítome de lonxanía: **Timbuctu** (inglés, italiano e outras linguas con varias grafías, posiblemente debido ós comics do Pato Dondald), **Tataouine** e outras africanas (francés), **Tahiti** (sueco) e **Indochina** (finés).

Cumpriría investigar ou explicar mellor a causa pola que só as linguas románicas utilizan a estrutura **onde** + SUX + **perder** + OBX, e só as ibéricas usan **quinto**, como en galego (**inferno(s)** / **carallo** / **nabo** / **pino** / **hostia**), portugués (**infernos** / **0**), castelán (**pimiento** / **carajo** / **cuerno** / **porra** / **pepino** / **puñeta** / **apurados** / **coño**) ou mesmo catalán (**la quinta forca**), pero non en italiano. Non nos convence a explicación do Houaiss fronte ó observado: (1) ás veces combínase cos nomes só en singular, só en plural (galego **infernos** / **apurados**) ou con ambos (portugués **inferno(s)**); (2) algúns nomes (**inferno** / **carallo** / **?pino** / **cuerno**) poden omitir o numeral, especialmente coa preposición *a*, pero a maioría non; e (3) **quinto** non se xunta con calquera substantivo (con **inferno(s)** en moitas linguas e outros nomes son específicos dun idioma, pero en ningunha o atopamos con, por exemplo, **demo** ou **diaño**).

Referencias bibliográficas

- Ferro Ruibal (2013a). *Facerse de Angrois, parecer de Angrois, ser de Angrois*. En: *Portal das palabras* 5-8-2013. Publicado en: <<https://portaldaspalabras.gal/ser-de-angrois/>> [consultado o 9 de maio de 2018].
- Ferro Ruibal, Xesús (2013b). *Ser ~ parecer ~ facerse de Angrois: Relacións de clase e caducidade fraseolóxica en estereotipos de ignorancia e indiferenza*. En: *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15, 141-182. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Publicado en: <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg15_04.pdf> [consultado o 9 de maio de 2018].
- Hermida Alonso, Anxos (2009:283-304). *Fraseoloxía de Matamá (Vigo)*. En: *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 283-30. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Publicado en: <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_13.pdf> [consultado o 9 de maio de 2018].
- Roland, Eduardo (2012). “Esto es la casa de la Collona” En: *La Voz de Galicia* 11-11-2012. Publicado en: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2012/11/11/casa-collona/0003_201211V11C9991.htm> [consultado o 9 de maio de 2018].
- [WALS] Holger Diessel (2013). *41. Distance Contrasts in Demonstratives*. En: Dryer, Matthew S. & Haspelmath, Martin (eds.) *The World Atlas of Language Structures Online*. Leipzig: Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology. Publicado en: <<http://wals.info/chapter/1>> [consultado o 9 de maio de 2018].